



Público asistente á presentación no refectorio do Museo Provincial. PEPETEJERO

O Pazo das Musas puxo os poetas a recitar a pares

► A revista oral do Museo Provincial de Lugo desenvolveu a sesión 'Recita-dous' dedicada ao pasado Día Mundial da Poesía

RUTH LÓPEZ

LUGO. A revista oral O Pazo das Musas desenvolveu onte unha sesión dedicada ao Día Mundial da Poesía, que se conmemorou o pasado día 21. O número estivo baseado na proposta 'Recita-dous', consistente en recitados feitos por parellas. As razóns do emparella-

mento foron diferentes en cada caso. O 'V é un oficio: homenaxe a Vicente Fernández' reuniu a poetisa Xiana Arias e o músico Daniel Pando para lembrar ao ferreiro Vicente Fernández, finado nestes días pasados na Fonsagrada.

Verónica Martínez Delgado e Alberte Momán Noval fixeron en

un diálogo «entre o pensado e o expresado, entre o silenciado e o berrado, nun mundo de incongruencias» partindo do libro aínda inédito 'A outra voz'.

O peche estivo ao cargo de Lois Pérez, con 'LP e o poeta impostado: instrucións de uso con serra eléctrica'. Lois Pérez deu conta de poemas seus e outros de Egolátrico Martínez, «o afamado e atormentado e poeta maldito provincial». O humorista contou coa axuda de Gran Bretoña, a súa guitarra eléctrica.